413	Non Productivo	Ponteceso	Asociación de Empresarios de Ponteceso	Aula de informática e plataforma de teleformación	O proxecto pretende desenvolver unha plataforma de formación on line, así como o equipamento dun aula de formación física, localizada nun local situado no Polígono Industrial de Ponteceso. Os principais obxectivos do proxecto son os de dotar a empresarios, traballadores e emprendedores das ferramentas axeitadas para aumentar a súa formación e por tanto a súa competitividade. Combinarase formación presencial e on line, ofrecendo ao mesmo tempo asesoramento por parte do persoal administrativo da Asociación relacionado coa creación de empresas.	78.275,29	69.273,63	Finalizado
413	Productivo	Carballo	Centro Deportivo 3D3, SL	Acondicionamento de edificación destinada a pistas de padel	Creación de empresa coa finalidade principal de pór en marcha unha instalación deportiva no Polígono Industrial de Bértoa en Carballo. O local contará con cinco pistas de padel que terán unha dobre funcionalidade: práctica do deporte e realización de cursos. Ademais das pistas de padel prestaranse outros servizos como: actividades dirixidas (yoga; pilates; body tonic;...); clases de baile; etc. Crearanse 1,5 postos de traballo e consolidaranse 2 empregos (autónomos socios da empresa).	85.602,31	29.532,80	Finalizado
413	Productivo	Ponteceso	Rubén Naya Dubra	Clínica Veterinaria Naya	Acondicionamento dun baixo onde se procederá a instalar unha clínica veterinaria na que se prestarán diversos servizos: venda de produtos veterinarios; atención e asistencia veterinaria, hospitalización e outros servizos para animais como perruquería. Creación de dous postos de traballo (o propio promotor e outro por conta allea).	202.166,03	75.003,60	Finalizado

MEDIDA	TIPOLOXÍA	CONCELLO	PROMOTOR	PROXECTO	DESCRIPCIÓN	INVESTIMENTO	AXUDA	ESTADO
413	Productivo	A Laracha	Fundación As Salgueiras	Acondicionamento de instalacións Fundación As Salgueiras	Proxecto para a mellora de instalacións xerais da Finca As Salgueiras (extensión 296.580 m2): recuperación de aldea; instalacións xerais da finca; albergue e aula-taller.As actividades van dirixidas principalmente a atender ás persoas en risco de exclusión social por razóns físicas, sociais ou culturais, a promoción da acción social, a promoción e defensa do medio ambiente, e tamén fins terapéuticos, de investigación, culturais e cívicos. Tarefas desenvolvidas principalmente: prácticas de hipoterapia e asinoterapia asistida; integración de persoas en risco de exclusión mediante actividades no ámbito rural; conservación da paisaxe, a biodiversidade e a cultura da zona.	117.685,00		Arquivado
413	Productivo	Ponteceso	Biolume, SL	Creación de fábrica de pellets de Biomasa	Creación dunha pranta de produción de pellets de biomasa, utilizando como materia prima os restos non madeirables de talas de pino e madeiras de fusta. Localización: lugar de Ameixenda - Pazos (Ponteceso). Comprárase a maquinaria dunha antiga fábrica de piensos para adaptala coas modificacións pertinentes para utilizar na transformación da madeira en pellets. Obxectivos principais: cubrir a demanda interna crecente con produto de calidade; chegar á capacidade máxima de produción que roldaría as 4000 toneladas ao ano.	177.651,65		Arquivado
413	Productivo	A Laracha	Serviagro Galicia, SL	Melloras tecnolóxicas en maquinaria de servizos ás ganderías	Adquisición de maquinaria innovadora para modernización de empresa de servizos agrarios ás ganderías consistente en: - Colleitadora de forraxe con motor con potencia dinámica (menor consumo); con sistema de control de fluxo; regulador electrónico de corte; ordenador de control e xiro automático; guiado automático; sistema Telematic por internet para a elaboración de mapas de rendemento; etc. - Cabezal de millo con 12 liñas. Obxectivo principal maximizar os tempos de traballo (máis Hectáreas por hora). - Fresadora de 3 metros de traballo. Obxectivo minimizar tempos de mantemento; mellorar o funcionamento en terreos pedregosos e minimizar consumo do tractor.	475.698,35		Arquivado
413	Productivo	Carballo	José Manuel Remuiñán Sánchez	Melloras tecnolóxicas nos servizos agrícolas aos gandeiros	Adquisición dunha colleitadora de forraxe autopropulsada para os cultivos de millo e herba, dotada dunha serie de innovacións para satisfacer as necesidades crecentes das explotacións gandeiras da comarca: baixo consumo e catalizador con redución de emisión de gases; control de fluxo para facilitarlle aos gandeiros datos de produción de forraxe por hectárea, co obxectivo de mellorar a xestión das terras; regulador electrónico de corte da forraxe, en función da materia seca da mesma, o cal repercute no valor nutritivo dos ensilados; ordenador de control de xiro automático do tubo lanzador da forraxe, mellorando o benestar do persoal que manexa a máquina.	333.223,00	83.273,10	Finalizado
413	Productivo	A Laracha	José Ramón Marta Esmorís	Maquinaria máis eficiente para servizos ás ganderías	Adquisición de maquinaria innovadora para modernización de empresa de servizos agrarios ás ganderías consistente en: - Picadora de forraxes autopropulsada, dotada de cabezal tanto de millo como de herba. Obxectivos principais: Contribución a diminuír os custos de produción de forraxes propias dos gandeiros da comarca; maximización da produción de forraxes por hectárea e mellora da calidade das forraxes colleitadas.	240.000,00	78.240,00	En execución
413	Non Productivo	Ponteceso	Fundación Eduardo Pondal	As novas tecnoloxías na Fundación Eduardo Pondal	Proxecto para a implantación das novas tecnoloxías na actividade da Fundación Eduardo Pondal, a través da programación de cursos de formación específica nesta materia e en tecnoloxías audiovisuais. Formación dirixida a colectivos desfavorecidos (mozos e mozas do rural, terceira idade,...) Obxectivos previstos: reducir as desigualdades en canto a servizos e dotacións no contorno rural respecto ao urbano; introducir ao público en xeral do contorno rural nas novas tecnoloxías. Os investimentos previstos consisten basicamente na adquisición de material informático e audiovisual e elaboración de páxina web da Fundación.	41.716,84	38.462,93	Finalizado

MEDIDA	TIPOLOXÍA	CONCELLO	PROMOTOR	PROXECTO	DESCRIPCIÓN	INVESTIMENTO	AXUDA	ESTADO
413	Non Produtivo	Ponteceso	Asociación Cultural Monte Branco	Educando Miradas	Proxecto destinado á recuperación da tradición de proxección de películas no medio rural. Co proxecto tamén se pretende formar criticamente a percepción do espectador dos produtos audiovisuais. A Asociación Cultural Monte Branco pretende adaptar o local social e dotarse de material audiovisual co que realizar proxeccións cinematográficas e documentais de calidade para uso e disfrute da poboación do rural. Prestarase especial atención á difusión desta infraestrutura entre os centros educativos da comarca para que o utilicen como unha ferramenta de ensino. Obxectivos previstos: reducir as desigualdades en canto a servizos e dotacións no contorno rural respecto ao urbano.	23.385,45		Arquivado
413	Produtivo	Coristanco	GESMAGA, SL	Creación de nova planta de compostaxe	Creación dunha planta de compostaxe adicada ao tratamento de lodos procedentes de depuradoras da contorna mesturados con residuos sólidos urbanos (RSU) e restos vexetais para a elaboración final de compost válido para usar como abono nos terreos agrícolas, forestais e mesmo xardíns.	630.409,30	119.341,58	En execución
413	Non Produtivo	Carballo	Asociación Pro Enfermos Mentales "APEM"	Posta en funcionamento dun servizo de atención integral a persoas con enfermidade mental en diferentes niveis de dependencia social	Adaptación e reforma de edificación e terreo anexo propiedade da Asociación APEM para desenvolver a actividade dirixida a mellorar a calidade de vida das persoas que padecen unha enfermidade mental, a través da posta en funcionamento dun servizo de atención integral a estas persoas que inclúe distintos programas de atención en función do seu nivel de deterioro: Centro de día para persoas máis afectadas con nivel de esixencia menor; Centro de Rehabilitación; programa de apoio na formación en inserción laboral. O obxectivo principal é buscar alternativas que favorezan a inclusión social de todas as persoas que padecen algún tipo de enfermidade mental. Servizo localizado en Carballo.	278.300,00	227.927,70	En execución
413	Produtivo	Ponteceso	Biolume, SL	Mellora de planta de fabricación de pellets	Instalación dunha granuladora, dun trommel de secado de estelas de madeira e dun sistema de aportación de calor a secadeiro. Os obxectivos previstos deste proxecto son unha mellor xestión das materias primas necesarias para a fabricación do produto (pellets) permitindo o seu aproveitamento total e contribuíndo a unha mellora da xestión medio ambiental dándolle unha saída viable aos restos forestais procedentes do territorio.	149.496,00		Arquivado
413	Produtivo	Ponteceso	Cooperativas Reunidas de Bergantiños SCG	Acondicionamento e mellora de tenda rural COREBER Pazos	Acondicionamento de local da cooperativa COREBER no lugar de Pazos (Ponteceso) para ampliación de almacén e Creación de tenda rural para a venda de produtos fitosanitarios, sementes, ferramentas e apeiros agrarios, etc...	300.000,00		En trámite
413	Produtivo	Carballo	M ^a . Carmen Porteiro Blanco	Creación de panificadora industrial con produtos autóctonos	Creación de panificadora industrial con elaboración de produtos derivados de trigo autóctono. O obxectivo principal é crear unha panificadora dotándoa dos medios técnicos necesarios (maquinaria), coa finalidade de satisfacer á demanda actual, posibilidade de exportar o produto a países veciños debido a contactos cos que conta o promotor e a creación de varios empregos.	450.000,00		Arquivado
413	Produtivo	Coristanco	Carlos Blanco Taibo	Adquisición de maquinaria para modernización e mellora tecnolóxica en empresa de servizos agrícolas e forestais	Adquisición de maquinaria innovadora para modernización de empresa de servizos agrarios e forestais consistente en: - Tractor New Holland de última xeración (menor consumo e emisións de CO2). - Rozadora con biotriturador Obxectivos principais: mellorar a calidade dos servizos prestados de produción de forraxes de calidade, de limpeza de plantacións, etc... Minimizar consumos e reducir a emisión de gases á atmósfera; control da biomasa en parcelas libres, plantacións e infraestruturas; mellora do benestar do traballador;...	50.586,77		En trámite

MEDIDA	TIPOLOXÍA	CONCELLO	PROMOTOR	PROXECTO	DESCRIPCIÓN	INVESTIMENTO	AXUDA	ESTADO
413	Productivo	Coristanco	José Ramón Villar Veciño	Melloras tecnolóxicas nos servizos agrícolas e forestais	Adquisición de maquinaria innovadora para modernización de empresa de servizos agrarios e forestais consistente en: - Tractor New Holland; arado; fresadora; trituradora e grade rotativa. Obxectivos principais: mellorar a calidade dos servizos prestados de produción de forraxes de calidade, de limpeza de plantacións, etc... Minimizar consumos; mellora do benestar do traballador;...	112.559,92		En trámite
413	Productivo	Coristanco	Servicios Agroforestales Radasupal, SL	Maquinaria agrícola máis eficiente para servizos ás explotacións agrogandeiras e forestais	Adquisición de desbrozadora lateral multi-longer que permitirá ofertar servizos de desbroce de cunetas e beiras de fincas de forma competitiva e eficaz Obxectivos principais: mellorar a calidade dos servizos prestados; mellora do confort dos operarios; redución de consumos; incremento de beneficios importante para a empresa.	19.000,00		En trámite
413	Non Productivo	A Laracha	Concello da Laracha	Acondicionamento de parcelas para a creación de espazos públicos	Proxecto para o acondicionamento de tres parcelas situadas no entorno do Mosteiro de Soandres; a Igrexa de Soutullo e da Igrexa de Lemaio. Consiste na creación de tres espazos públicos nestas tres parroquias que aglutinan unha poboación dun total de 2127 veciños. Mellora do entorno destes monumentos habilitando zonas de esparcemento, aparcamentos e zonas verdes axeitadas para a realización de actividades festivas que se celebran ao longo do ano nestas parroquias (San Pedro, Santa Marta, Santa Mariña, Nosa Señora e do Sacramento) e para a valorización destes bens patrimoniais do Concello da Laracha. A intervención tamén contempla a instalación de paneis informativos onde se resume a historia e o valor arquitectónico e cultural do Mosteiro e das Igrexas.	368.579,66		En trámite
413	Productivo	A Laracha	Ana Isabel Varela Pérez	Creación de obradoiro de pastelería	O proxecto consiste na adaptación do soto dunha vivenda localizada en núcleo rural para creación dun obradoiro artesanal de repostería. Acondicionamento de local; instalación de cociña adaptada á normativa higiénico – sanitaria e demais equipamento complementario para a actividade. A promotora é unha muller xoven que crearía o seu propio posto de traballo como autónoma.	5.130,00		En trámite
413	Productivo	Coristanco	Juan Alberto Fernández Cancela	Adquisición dun equipo de recolleita para modernización e mellora tecnolóxica en empresa de servizos agrícolas	O proxecto consiste na adquisición dun equipo de recolleita de forraxe New Hollad FR700 de última xeración (alta potencia a menor consumo e emisións de co2) equipada con recolledor de herba e millo que posibilita ofertar maior número de tarefas os clientes dos que xa dispón o promotor e ao mesmo tempo aumentar a oferta de servizo que se concentra en periodos curtos de tempo, mellorando a rendabilidade das explotacións e fixando riqueza e poboación o territorio.	289.256,02		En trámite
413	Productivo	Carballo	Servicios Agrícolas Trigo, SL	Adquisición dunha picadora de forraxe e dunha empacadora	Adquisición de picadora de forraxe e empacadora co obxectivo principal de modernizar a empresa e mellorar a calidade do servizo prestado aos clientes da empresa coa utilización de maquinaria de última xeración co conseguinte aforro de custos, minimización de impactos ambientais e maior produtividade.	365.000,00		En trámite
413	Productivo	A Laracha	Maderas Laracha, SL	Adquisición de pala cargadora para modernización de aserradoiro	Modernización de aserradoiro de madeira a través da adquisición de maquinaria con melloras significativas para o desenvolvemento da actividade. O investimento a realizar é o seguinte: - Pala Cargadora con sistema sensible a movementos da carga. Obxectivos principais: Contribución a diminuír os custos de produción; maximización da produción; redución de impacto ambiental.	75.000,00		En trámite
413	Productivo	Carballo	José Ramón Pereiro Mato	Modernización de empresa de servizos forestais	Ampliación e modernización da maquinaria existente en empresa co obxectivo principal de incrementar a capacidade produtiva e mellorar en termos de eficiencia medioambiental, a través da adquisición dunha trituradora forestal de martelos fixos e dun tractor con importantes melloras en termos de aforro e menores emisións de CO2.	152.000,00		En trámite

MEDIDA	TIPOLOXÍA	CONCELLO	PROMOTOR	PROXECTO	DESCRIPCIÓN	INVESTIMENTO	AXUDA	ESTADO
431B	Non Produtivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Plan de Difusión I	<p>O Plan de Difusión I da Asociación de Desenvolvemento Bergantiños, é unha estratexia de comunicación, que ten como finalidade dar á coñecer a poboación obxectivo, o Programa Leader Bergantiños 2007-2013, estimular o xurdimento de iniciativas de desenvolvemento no territorio e establecer os soportes de información concisos e estruturados que permitan o potencial promotor e a poboación xeral ter claros os criterios de concesión de axudas, a finalidade das mesmas e os pasos a seguir.</p> <p>O plan de difusión I establece dúas vertentes de actuación. A primeira está baseada na divulgación do programa Leader Bergantiños 2007-2013 a través das reunións cos axentes locais máis relevantes do territorio, como son, os técnicos locais de emprego, asociacións de empresarios, sindicatos labregos, etc.</p> <p>A segunda vertente de actuación, consiste en por en marcha, unha potente ferramenta de comunicación a través da creación da páxina web da Asociación. Trátase dunha páxina bilingüe, cuns contidos claros e un entorno intuitivo, que pon ó alcance do usuario, os coñecemos completos sobre o programa ó mesmo tempo que lle permite interactuar e descargar documentos, modelos normalizados, manuais e outros arquivos de interese.</p>	13.397,08	13.397,08	Finalizado
431B	Non Produtivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Comarca natural de Bergantiños	<p>O proxecto prantexado pretende realizar unha recuperación bibliográfica da tese de doutoramento do profesor Salvador Parga Pondal que nos primeiros meses de 1950, xusto na metade do século XX, presentou co título de Comarca natural de Bergantiños na Universidade de Santiago. Á citada tese hai que engadir un abundante número de láminas (con mapas de estradas, orografía etc.) xunto coas magníficas fotografías do laxense insigne Xosé Vidal. Este é o primeiro traballo que estuda polo miúdo a comarca de Bergantiños desde a súa globalidade e, sobre todo, demostrando un perfectísimo coñecemento de cada recanto da terra bergantiñá. A idea é a de recuperar a memoria dunha etapa da historia da comarca de Bergantiños, a través da reedición dun traballo que nunca viu a luz desde o tempo en que foi creado e que servirá para que os bergantiñáns, en xeral, e os docentes e dinamizadores da comarca, en particular, obteñan unha ferramenta coa que coñecer cada vez mellor a terra na que viven e, sobre todo, na que traballan. O presente proxecto ten como finalidade a consecución de dous produtos: un libro (3.000 exemplares) e unha presentación audiovisual específica para cada concello.</p>	18.000,00	18.000,00	Finalizado
431B	Non Produtivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Creación de web Xeovisor de Turismo e Patrimonio. Fase I	<p>O obxectivo do proxecto é desenvolver unha plataforma informática que se executará en dúas fases e que permitirá ao Grupo abrir unha canle de información dos recursos da Comarca de Bergantiños a través da creación dunha web baseada en Sistemas de Información Xeográfica que permitirá aos internautas facer visitas virtuais, programar roteiros, ou obter detalles e información multimedia sobre elementos turísticos, patrimoniais, etc.</p> <p>A proposta desta primeira fase (con cargo á anualidade 2011) inclúe os seguintes conceptos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xeoportel do GDR. - Módulo de xestión da información. 	9.439,30	9.439,30	Finalizado

MEDIDA	TIPOLOXÍA	CONCELLO	PROMOTOR	PROXECTO	DESCRIPCIÓN	INVESTIMENTO	AXUDA	ESTADO
431B	Non Produtivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Concurso fotografía e adquisición de material promocional	Realízanse dúas accións promocionais con cargo a este proxecto: Por unha banda, convocar a 1ª edición do concurso fotográfico "Comarca Natural de Bergantiños". Este concurso, aberto á participación de todas as persoas interesadas, pretende poñer en valor o territorio, os oficios, a natureza, a etnografía, a xente e o desenvolvemento desta bisbarra. As fotografías versarán sobre calquera aspecto relacionado con elementos singulares do medio rural e natural da comarca de Bergantiños, clasificándoas en dúas categorías: fotografía paisaxística e actividades ou oficios característicos do territorio. Por outra banda, tamén se prevé a adquisición de diverso material de apoio para a dinamización territorial para dar visibilidade á Asociación e para a difusión do programa LEADER. As accións previstas serían as seguintes: Realización dun pop-up para presenza en feiras, eventos e accións de rúa; Kit de plantación (250 unidades) que consistiría nunha maceta personalizada, de barro de buño, un sobre con sementes e unha turba de terra prensada; 500 camisetas promocionais do Grupo; 700 -1000 bolsas plegables, 1.500 sobres, 2.250 trípticos informativos e 4.000 folios impresos cos logos oficiais.	9.524,74	9.524,74	Finalizado
431B	Non Produtivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Resolución I Concurso Fotografía e elaboración de material promocional	Co material fotográfico recollido a raíz da celebración da 1ª edición do concurso fotográfico "Comarca Natural de Bergantiños", o Grupo prantéxase elaborar unha serie de produtos de material promocional para distribuír entre a poboación, co motivo de dar a coñecer o territorio e as posibilidades de desenvolvemento desta terra. Os obxectivos principais destas actuacións serán os de incrementar a presenza en medios, dotar ao Grupo dunha carteira de imaxes dispoñible para o seu uso en material promocional (guías, páxinas web, trípticos, marcapáxinas, ...) e sobre todo, dotarse de material para incrementar as accións dirixidas a sensibilizar e informar á poboación sobre as liñas de actuación do Grupo e sobre o programa LEADER.	3.850,86	3.850,86	Finalizado
431B	Non Produtivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Xeovisor de Turismo e Patrimonio. Fase II - Módulo de Realidade Aumentada	O obxectivo do proxecto é complementar os servizos ofertados a través da plataforma informática "Xeovisor de Turismo e Patrimonio" desenvolvido na anualidade anterior, a través da creación dun módulo de realidade aumentada que permitirá aos usuarios de dispositivos móbiles facer visitas virtuais, programar roteiros, ou obter detalles e información multimedia sobre elementos turísticos, patrimoniais, etc. da comarca de Bergantiños. A proposta que se inclúe neste expediente para executar con cargo á presente anualidade contempla os seguintes conceptos: - Módulo de realidade aumentada para dispositivos móbiles.	6.726,70	6.726,70	Finalizado
431B	Non Produtivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Adquisición de material promocional do GDR Bergantiños	Dentro das actividades de promoción territorial e adquisición de capacidades enmarcadas no programa de desenvolvemento rural LEADER 2007-2013 a Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños, prantéxase elaborar material promocional (bolsas plegables coa imaxe corporativa do Grupo) para distribuír entre a poboación nas actividades de promoción do territorio que se desenvolvan durante a vixencia do programa LEADER, dirixidas a sensibilizar e informar á poboación sobre as liñas de actuación do Grupo e sobre o programa LEADER.	1.143,45	1.143,45	Finalizado

MEDIDA	TIPOLOXÍA	CONCELLO	PROMOTOR	PROXECTO	DESCRIPCIÓN	INVESTIMENTO	AXUDA	ESTADO
431B	Non Productivo	Bergantiños	A.D. Bergantiños	Recuperación de recursos fitoxenéticos locais, produción integrada e comercio de proximidade: un novo modelo para o desenvolvemento sostible do medio rural	<p>O GDR Bergantiños prantexa o presente proxecto, dando continuidade e complementando algunhas das actividades que se viñan desenvolvendo a través da participación en varios proxectos de cooperación interterritorial. Neste proxecto prevense a realización de actuacións formativas e promocionais en varios aspectos relacionados co desenvolvemento da agricultura local. En concreto, as principais accións a desenvolver serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Talleres formativos/ xornadas relacionados coa horticultura e coa recuperación de variedades locais de produtos de horta. •Talleres formativos/ xornadas relacionados coa implementación de sistemas informatizados de xestión integral da produción hortofrutícola. •Talleres formativos / xornadas dirixidos a difundir aspectos básicos da comercialización. <p>Os talleres e xornadas serán desenvolvidas pola EFA Fonteboa, que será a entidade encargada de ofrecer a formación e asesoramento a produtores.</p> <p>As tarefas de coordinación e organización das xornadas será desenvolto polo equipo técnico do GDR. Así mesmo, co obxecto de difundir resultados do proxecto e promocionar as variedades locais; a agricultura ecolóxica/integrada e o uso das novas tecnoloxías nas explotacións agrarias, o GDR estará presente con stands informativos en feiras, festas gastronómicas ou outros eventos que se consideren de interese para a consecución e difusión dos obxectivos do proxecto.</p>	6.499,94	6.499,94	Finalizado